



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O MINISTERIO FISCAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAXUDICIAL EN LUGO DURANTE O ANO 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar xunto co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio Fiscal, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social e o Ministerio Fiscal, para o desenvolvemento dun programa de mediación familiar intraxudicial gratuíta en Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos, e máis concretamente como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar), que tratará de que atopen por si mesmas un acordo duradeiro e mutuamente aceptable considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos/as nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

As Administracións públicas implicadas ostentan competencias na materia obxecto do convenio da colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

